

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 6 DE XUÑO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras.

FAVORABLES.-

658/05.- Ibercelta, S.L.- Edificio (23 viv.) na R/ Tras da Rúa do Pino, Transversal á Rúa do Tomiño.
1218/05.- José Luís Rial Mato.- Legaliz. ampliación executada en viv. unif. no Lugar de Eixo, Marrozos.

45/05.- Juan Antonio Miras Portugal.- Viv. unif. en Roxos, Lugar de Barroso, Vilestro, na parcela 377-1-A de parcelación autorizada.

950/05.- Carmen Vilares Sánchez.- Galpón no Lugar de Torre de Enfesta núm.1.

829/05.- Serafín Lueiro Souto.- Legaliz. modificacións en viv.unif. en A Cruxeira.

401/05.- Fco Javier Vázquez Illodo.- Viv. unif. en Xulacasa, parcela 281-2 de concentración de Sta Mª de Figueiras.

48/05.- Mª Teresa Fernández Mosquera.-Viv.unif. na Rúa do Tambre, parcela 503-A resultante de parcelación autorizada.

2622/04.- Marcos Vázquez Castro.- Reestruc. viv. na Travesa de Mourozón núm.9.

6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación inicial de tres subvencións para rehabilitación de vivendas do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 11.066,86 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Mª Isabel Barros Barreiro	Travesa do Carme de Abaixo, 3	4.024,65
Ramón Caneda Rendo, en representación da comunidade de propietarios	Praza da Universidade, 5	1.779,43
Carmen Suárez Camino	R/ Algalia de Abaixo, 25-3º	5.262,78

Acórdase a aprobación definitiva de tres subvencións para rehabilitación de vivendas do casco histórico (Consortio) que de seguido se detallan polo importe de 18.903,09 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Mª Teresa Torres Carregal	R/ Cardeal Payá, 7	4.645,46
Luis Rial Suárez, en representación da comunidade de propietarios	R/ Castro, 9	9.187,31
Fco. Javier Calvo García, en representación da comunidade de propietarios	Corredoira das Fraguas, 88/90	5.070,32

Acórdase a aprobación definitiva de unha subvención para rehabilitación de locais casco histórico (Consortio) que de seguido se detalla polo importe de 18.903,09 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Mª del Carmen Gesto Abelenda, en representación de Hector José Brea Gesto	R/ Algalia de Arriba, 45	7.772,56

7.- Aprobación inicial do Estudio de detalle do polígono 2 do solo urbanizable programado número 3 (SUP-3) de Ponte Pedriña.

Acórdase aprobar inicialmente o Estudio de detalle do polígono 2 do solo urbanizable programado número 3 (SUP-3) de Ponte Pedriña.

8.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto de desvío de tubería de FD de 450 mm de diámetro no Monte Almaciga e traslado do acordo á Xunta de Galicia.

Atendendo á solicitude do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) para desviar a rede de alimentación do depósito situado na Almaciga para liberar un espazo edificable trasladando dita rede á vía pública, acórdase aprobar o proxecto de desvío de tubería de FD de 450 mm de diámetro no Monte Almaciga e trasladar este acordo á Xunta de Galicia.

9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de adecuación e ordenación para o uso público e parque infantil da Colexiata de Sar.

Acórdase aprobar o devandito proxecto redactado pola empresa Ambiotec S.L. e o inicio do expediente de contratación cun tipo de licitación de 89.024,93 euros (IVE incluído).

10.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á adxudicación do mantemento dos sistemas de antirroubo e antiincendios dos colexios públicos.

Acórdase adxudicar o contrato de mantemento dos sistemas de antirroubo e antiincendios dos colexios públicos á empresa Sistemas de Seguridade A-1 polo importe de 22.236,60 euros (IVE incluído).

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á adxudicación da asistencia técnica para a publicación do PXOM no portal web do Concello.

Acórdase adxudicar polo importe de 19.720 euros (IVE incluído) á empresa Trabajos Catastrales S.A. a asistencia técnica para a publicación do PXOM no portal web do Concello.

12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación da prestación do servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano.

Acórdase aprobar os devanditos pregos e o inicio do expediente para a contratación da prestación do servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano cun tipo de licitación de 263.000 euros/ano (IVE incluído) e un prazo de dous anos prorrogables.

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación da prestación do servizo de mantemento e reparación de vehículos municipais.

Á vista do acordo da Xunta de Goberno de 12-08-2004 polo que se deixa deserto o concurso para a "prestación do servizo de mantemento e reparación de vehículos municipais", acórdase aprobar o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente para a contratación do devandito servizo cun tipo de licitación de 114.000 euros/ano (IVE incluído).

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da Asistencia técnica para a Asistencia xurídica ó Concello.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do expediente para a contratación da “Asistencia técnica para a Asistencia xurídica ó Concello” cun tipo de licitación de 120.000 euros/ano (IVE incluído) e un prazo de dous anos prorrogables.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do subministro de mobiliario para diversos departamentos do Concello.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do expediente para a contratación do subministro de mobiliario para diversos departamentos do Concello. cun tipo de licitación de 60.000 euros (IVE incluído).

16.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da prestación do servizo de limpeza dos centros socioculturais de Vilvestro e A Rocha.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do expediente para a contratación da prestación do servizo de limpeza dos centros socioculturais de Vilvestro e A Rocha cun tipo de licitación de 24.000 euros (IVE incluído).

17.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda relativa ás alegacións formuladas por Compostelana de Carnes S.L. no expediente de resolución do contrato de xestión do matadoiro municipal.

En relación coas alegacións formuladas por Compostelana de Carnes S.L. no expediente de resolución do contrato de xestión do matadoiro municipal, acórdase:

- ? Trasladar as alegacións formuladas por “Compostelana de Carnes S.L.” ós servizos económicos (Intervención e Tesourería) para que, pola súa parte, se efectúe unha análise de viabilidade da proposta da empresa, como paso previo á adopción do acordo referido ó expediente de resolución.
- ? Outorgar o prazo de quince días hábiles á empresa “Compostelana de Carnes S.L.” para a aportación de tanta documentación estime axeitada para acreditar a existencia dun desequilibrio económico-financiero da concesión.

18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación da Asistencia técnica para a consolidación da nova páxina web municipal.

Acórdase aprobar o devandito prego e o inicio do expediente para a contratación dunha asistencia técnica para a consolidación da nova páxina web municipal cun tipo de licitación de 26.600 euros (IVE incluído).

19.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á contratación do servizo de aloxamento de 2 servidores DL380, certificado dixital e conectividade.

Acórdase a contratación do servizo de aloxamento remoto da do portal web municipal mediante a posta en funcionamento de dous equipos DL380, certificado dixital e conectividade a 2 MB. E a súa adxudicación á empresa R polo importe de 11.336,68 euros/ano.

20.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á solicitude da retirada dun quiosco no Campo das Hortas.

Acórdase estimar a petición de Dña. María Florentina Gendra paea retirar o quiosco sito no Campo das Hortas, declarar a cesación dos efectos dunha posible autorización en precario para a instalación e funcionamento do devandito quiosco e ordear á Brigada Municipal de Vías e Obras o desmonte e retirada desta instalación.

23.- Proposta do Concelleiro Delegado de Cultura relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e Sala Yago para 2005.

Acórdase aprobar o convenio do colaboración entre o Concello e Sala Yago para o desenvolvemento de diversas actividades culturais, convenio a través do que o Concello achega 18.000 euros.

24.- Proposta do Concelleiro Delegado de Cultura relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e a asociación cultural Sala Galán para 2005.

Acórdase aprobar o convenio do colaboración entre o Concello e Sala Galán para o desenvolvemento de diversas actividades culturais, convenio a través do que o Concello achega 30.000 euros.

25.- Proposta do Concelleiro Delegado de Cultura relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e a asociación cultural "O Galo" para 2005.

Acórdase aprobar o convenio do colaboración entre o Concello e a Asociación Cultural "O Galo" para o desenvolvemento de diversas actividades culturais, convenio a través do que o Concello achega 12.000 euros.

26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Cultura relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e a asociación cultural "Cidade Vella".

Acórdase aprobar o convenio do colaboración entre o Concello e a Asociación Cultural "Cidade Vella" para o desenvolvemento de diversas actividades culturais, convenio a través do que o Concello achega 10.000 euros.

27.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación do programa "Día do deporte en Compostela".

Acórdase aprobar o programa do "Día do do Deporte en Compostela" que se celebraá o 11 de xuño no Parque Deportivo Fontes do Sar, cun orzamento de 10.500 euros.

28.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións destinadas ó fomento de actividades deportivas puntuais 2005.

Acórdase aprobar as devanditas bases así como un orzamento de 45.000 euros adicado a estas subvencións.

30.- Dar conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e o Ministerio de Fomento para a realización de determinadas actuacións en materia de infraestruturas.

Dase conta da sinatura do devandito Convenio o pasado 1 de xuño.

31.- Dar conta da concesión ó Concello dunha axuda polo Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas, da Consellería de Sanidade.

En relación co convenio de cofinanciamento entre a Consellería de Sanidade e o Concello d Santiago para o desenvolvemento de actividades de prevención e/ou incorporación social de drogodependes, dase conta da concesión dunha axuda por importe de 73.893,90 euros.

32.- Dar conta da autorización do Consello da Xunta de Galicia para a sinatura dun Convenio de cofinanciamento entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Santiago para actividades de prevención e/ou incorporación social de drogodependentes.

Dase conta á Xunta de Goberno do acordo adoptado na XII xuntanza da Comisión de Coordinación de Interconsellerías do pasado 10 de maio no que, en relación cos convenios de cooperación con concellos que desenvolven programas de tratamento de drogodependencias non exclusivamente alcohólicas a traves de unidades e servizos xestionados por ditas entidades, no sentido de fixar a cantidade de 562.300,31 euros ao Concello de Santiago para o desenvolvemento de programas e servizos dae U.A.D. e U.D.

33.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa ó Plan Nacional Xitano para 2005.

Acórdase solicitar unha subvención para o financiamento de Proxectos de intervención social integral para a prevención da marxinación e a inserción do pobo xitano polo importe de 42.829,154 euros.